



Guía Docente

Datos Identificativos					2015/16
Asignatura (*)	Relacións Literarias no Espazo Galaico-Portugués: Séculos XVI e XXI		Código	710476008	
Titulación					
Descriptor					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral	<p>Estudo das relacións mantidas desde o século XVI entre os escritores -e, por extensión, os intelectuais e artistas- da Galiza e Portugal.</p> <p>Perséguese que o alumno alcance a comprender as peculiaridades das relacións entre as dúas culturas no seu desenvolvemento histórico. Para iso, esta materia céntrase nos contactos de todo o teor establecidos entre os diferentes elementos que conforman o sistema literario portugués e os seus correlatos galegos.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer en profundidade a produción literaria e cultural galega e portuguesa, onde se poñen de manifesto as relacións entre as dúas culturas.	AI1 AI3 AI6 AI7	BI1 BI3 BI9	CM1 CM2 CM6 CM7 CM8
Realizar a análise dalgunhas das obras máis características da literatura galega e portuguesa, así como doutras artes.	AI1 AI2 AI6 AI7	BI1 BI3 BI4 BI8 BI9 BI13	CM1 CM4 CM6 CM8
Comprender a peculiaridade das relacións entre as dúas culturas no seu desenvolvemento histórico.	AI1 AI2 AI3 AI5 AI13 AI18	BI1 BI3 BI8 BI9 BI13 BI15 BI16 BI18	CM3 CM4 CM6 CM7 CM8



Utilizar a rede informática (internet) na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, adquirir a capacidade para empregar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión.	AI2 AI18	BI1 BI2 BI3 BI4 BI9 BI10 BI11 BI13 BI16 BI18	CM3 CM4 CM6 CM7 CM8
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.	AI13	BI1 BI3 BI6 BI8 BI9 BI10 BI13 BI15 BI16 BI18	CM4 CM5 CM7
Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.		BI1 BI2 BI3 BI4 BI6 BI8 BI9 BI13 BI16 BI18	CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8
Traballar de forma colaborativa.	AI14 AI18	BI1 BI2 BI3 BI5 BI6 BI7 BI8 BI13 BI14 BI15 BI16 BI17 BI18	CM1 CM2 CM3 CM4 CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
I. O espazo cultural galego-portugués entre os séculos XVI e XVIII	<ol style="list-style-type: none"> O campo do libro impreso O tema de Inés de Castro nas literaturas portuguesa e galega Axentes culturais do Reino da Galiza e a Coroa Portuguesa no século XVIII



II. Iberismo no século XIX e as súas prolongacións no XX	<ol style="list-style-type: none"> 1. Curros, Pondal, Guerra Junqueiro e a Geração de 70 2. Irmandades da Fala e Renascença Portuguesa 3. Intelectuais galegos e Teixeira de Pascoães 4. Iberismo en Torga e Saramago
III. Relecturas da lírica medieval en Galiza e Portugal.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Función da literatura medieval na Galiza e Portugal 2. Integralismo Lusitano: Afonso Lopes Vieira 3. Neotrovadorismo: Fermín Bouza-Brey e Álvaro Cunqueiro
IV. As vangardas.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Orpheu 2. Alfredo Guisado 3. Manuel Antonio
V. Tan perto e tan lonxe	<ol style="list-style-type: none"> 1. Relacións literarias e culturais galego-portuguesas no século XXI 2. Eventos e institucións 3. Produtores/as e produtos recentes

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		8	2	10
Lecturas		3	19	22
Traballos tutelados		3	20	23
Discusión dirixida		8	2	10
Presentación oral		2	2	4
Proba de ensaio		2	2	4
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.</p> <p>Segundo a porcentaxe derivada do seu tipo de matrícula, o alumnado deberá asistir ás aulas teóricas presenciais en que se presentarán conceptos e estratexias cuxo coñecemento será exixido para a superación do curso.</p>
Lecturas	Realización dunha serie de lecturas, relativamente breves, previamente seleccionadas polo docente e relacionadas directamente cos contidos abordados no seminario.
Traballos tutelados	Realización dun breve estudo relacionado cos asuntos abordados no seminario. Este traballo poderá ser realizado de maneira individual ou colectiva e será executado de acordo coa planificación (canto a prazos, objetivos, procedementos, estrutura, fontes, etc) realizada polo profesor no inicio do seminario.
Discusión dirixida	Presentación polo profesor ou polo alumnado dunha serie de casos teórico-práticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais. Previamente, deberán preparar as discusións patenteando as súas argumentacións no espazo de traballo colaborativo on-line.
Presentación oral	Exposición oral ao conxunto da turma dos resultados do traballo tutelado e/ou de unha lectura breve atribuída de entre a listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. Durante esas presentacións orais, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contidos, destrezas e competencias abordados durante o seminario.
Proba de ensaio	O alumnado deberá superar unha proba escrita ao final do cuadrimestre.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Lecturas Traballos tutelados Presentación oral Proba de ensaio	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel polo seminario, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do Traballo Tutelado, das Lecturas, da Exposición Oral e da Proba Mixta. De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición da lectura e/ou a entrega do traballo.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico ou das ferramentas TIC.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral		Serán avaliados o nivel de análise e comprensión das materias expostas, así como a resolución dos problemas apresentados durante estas sesións, quer através de estudos de caso ou análise de fontes documentais específicas, quer no trascuro das ?discusións dirixidas?, do ?traballo tutelado? e/ou da ?presentación oral?	10
Lecturas		Será avaliábel a lectura crítica das obras literarias indicadas na programación, así como o aproveitamento e a correcta planificación das lecturas previas a cada sesión presencial. Este apartado avaliarase através da realización de recensións e informes de lectura (Recensións bibliográficas) e da achega da bagaxe de lectura do alumnado ás aulas presenciais.	20
Traballos tutelados		Serán avaliados os contéudos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados no seminario. Levarase tamén en conta a calidade lingüística do texto entregado, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para esta actividade.	20
Discusión dirixida		Será avaliado o rigor e a profundidade da análise, as cuestións eventualmente levantadas durante as intervencións, a frecuencia destas e, en xeral, todos os contributos relacionados co acompañamento/ desenvolvemento da materia.	10
Presentación oral		Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio do contido presentado e a utilidade da presentación para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel e a elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos.	20
Proba de ensaio		Proba escrita que poderá combinar actividades de carácter ensaístico con outras de comentario de textos; em ambos os casos, os asuntos e os comentarios serán realizados sobre materiais estudados ao longo do seminario. Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba de ensaio e os contéudos presentados e estudados no seminario.	20

Observacións avaliación



A

avaliación

do seminario será feita de forma continua. Nela serán levados en conta non apenas os ítems referidos no lugar correspondente mais tamén, de maneira transversal, as competencias lingüísticas, argumentativas e para a aprendizaxe colaborativa demostradas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Todas

as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no inicio das sesións.

As persoas matriculadas a tempo parcial e que solicitasen e obtivesen dispensa académica realizarán ou entregarán as actividades obrigatorias nunha data e polos medios concertados previamente co profesor. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Se

houver criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas ou a través do moodle. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As

persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar na altura da segunda edición ordinaria, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia.

Será considerado Non

Presentado aquel alumno ou alumna que non se presentar á proba escrita ou que non presentar ningunha das actividades.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Barbosa du Bocage, M. (2007). "À morte de Inês de Castro", en Até ao fim do mundo. Poesia sobre Inês de Castro. Coimbra: Alcains
 - Viqueira, Johán Vicente (1974). "Poemeto da vida", en Ensaio e poesías. Vigo: Galaxia
 - Saramago, José (2002). A jangada de pedra. Lisboa: Caminho
 - Teixeira de Pascoaes (1988). A saudade e o saudosismo (dispersos e opúsculos). Lisboa: Assirio & Alvim
 - Cabanillas, Ramón (2000 (1920)). A saudade nos poetas galegos (ed. facsimilar de Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo). Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
 - Cunqueiro, Álvaro (2004). Cantiga nova que se chama ribeira. Vigo: Galaxia
 - Ferreira, António (2000). Castro (edição, introdução e notas de Maria Rosa Alvarez Sellers). A Coruña: Biblioteca-Arquivo "Francisco Pillado Mayor" da UDC
 - Castro, Eugénio de (1900). Constança. Coimbra: Livraria França Amado
 - Manuel Antonio (1998). De catro a catro. Vigo: Galaxia
 - Cunqueiro, Álvaro (1950). Dona do corpo delgado. Pontevedra: Benito Soto
 - Piñeiro, Ramón (1995). Filosofía da saudade. Vigo: Galaxia
 - Bouza Brey, Fermín (1997). Nao senlleira. A Coruña: AS-PG.
 - Teixeira de Pascoaes (1971). Obras completas. Poesia. Venda Nova (Amadora): Livraria Bertrand
 - Bouza Brey, Fermín (1955). Seitura. Braga: Coleção Quatro Ventos
 - Camões, Luís de (2000). Os Lusíadas. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian
 - Vieira, Afonso Lopes (1927). Os Versos de Afonso Lopes Vieira. Lisboa: Portugal-Brasil
 - Álvarez Blázquez, Xosé María (1991). Poemas de ti e de min (facs.). Pontevedra: Deputación Provincial
 - Torga, Miguel (1965). Poemas ibéricos. Coimbra: M. Torga
 - Rodríguez Castelao, Afonso (1994). Sempre en Galiza. Vigo: Galaxia
 - Teixeira de Pascoais (1987). Poesia de Teixeira de Pascoaes (apresentação, selecção e linhas de leitura de Silvina Rodrigues Lopes). Lisboa : Comunicação
 - Pazó, Cándido (1994). Raiñas de Pedra. Vigo: Xerais
- Orpheu. Revista trimestral de literatura (2ª ed. fâsc.) (1994) Lisboa: Contexto. Orpheu. Revista trimestral de literatura nº 1(1915) PDF da Biblioteca Nacional de Portugal:
http://purl.pt/12089/2/res-2750-v_PDF/res-2750-v_PDF_24-C-R0150/res-2750-v_0000_capa-capa_t24-C-R0150.pdf



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Ventura, António (1988). "A 'Seara Nova' e a Galiza. Contribuição para o estudo das relações culturais luso-galegas", Clio. Revista do Centro de História da Universidade de Lisboa VI (1987-1988): 141-147.- Teixeira de Pascoães (1971). "A alma ibérica (inédito)", en Revista Colóquio/Letras. Documentos 1: 48-57.- Magalhães, Gabriel (2007). "A atitude ibérica da Geração de 70. Variações na Unidade", en Península. Revista de Estudos Ibéricos 4: 157-175..- Torres Feijó, Elías (2009). "A fabricação da ideia sobre o mundo lusófono na literatura galega na década de 70: construção em perspectiva", en Navegações v. 2, nº 1: 24-30.- Marco, Aurora (1988). "A presença da cultura portuguesa na revista Nós", en Nós. Revista da lusofonia 7-12 (1987-88): 79-92..- Simões, Manuel (1975). "A projecção das cantigas de amigo na novíssima poesia portuguesa", Annali de Ca' Foscari XIV: 173-189.- Villares Paz, Ramón (1983). "As relacións da Galiza con Portugal na época contemporánea", Grial 81: 301-314..- Torres Feijó, Elías (1999). "Cultura portuguesa e legitimación do sistema galeguista: historiadores e filólogos (1880-1891)", en Ler História 36: 273-318.- Risco, Vicente (1928). "Da Galiza renascente", A Nosa Terra 253: 4-6..- Risco, Vicente (1927a). "Da renascença galega. A evolución do galego e os seus críticos", A Nosa Terra 233 (1-2-1927): 9-10.- Risco, Vicente (1927b). "Da renascença galega. Os novos", Céltiga 60 (25-6-1927).- Torres Feijó, Elías (1990). "Der 'Saudosismo' in Galician. Die Zeit von 'Nós' und ihr Kontext", Tranvia. Revue der Iberischen Halbinsel 18: 32-35.- Salinas Portugal, Francisco (1991). "Fórmulas neo-trovaadorescas e vanguarda", O mundo de Cunqueiro, Extra 2 de A Nosa Terra (2ª ed.). Vigo: A Nosa Terra- Busto Abella, Humberto (1998). "Galicia e Teixeira de Pascoaes", en Actas das Xornadas das Letras Galegas en Lisboa. Compostela: Xunta de Galicia- Baptista, Antonio Rodrigues (1986). "Galiza em Portugal. A Correspondência de Álvaro Cunqueiro para Afonso Lopes Vieira", Agália 8: 471-475- Cordeiro Rua, Gonçalo (2008). "Iberismo como projecto no campo cultural galeguista dos primeiros setenta", en Lama López, M. X. (ed.) Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos: "Mulleres en Galicia". Sada (A Coruña): Edicións do Castro- Enríquez, Xosé Manuel (1992). "Introducción", en Fermín Bouza Brey. Nao senlleira. Seitura. Cabalgadas en Salnés. Vigo: Xerais- Guimarães, Rui Dias (2007a). "Iberismo e Novo Humanismo. Sementes de Torga", en A Minha Imagem está nos Livros que Escrevi. Actas do Congresso Internacional do centenário do nascimento de Miguel Torga. Porto: Universidade Fernando Pessoa- Freixeiro Mato, X. Ramón (2000). "Noriega Varela poeta lusófilo", en José Luís Rodríguez (ed.) Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero vol. 2: 275-300. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela- Risco, Vicente (1933). "Nós, os inadaptados", Nós 115: 115-123..- Guimarães, Rui Dias (2007b). "O euro-iberismo de Fernando Pessoa ou Pessoa construtor de Europa", en Aula Ibérica. Actas de los Congresos de Évora y Salamanca (2006-2007): 927-938. Salamanca: Universidade de Salamanca- Villalta, Luísa (1998). "Nós, Aqueles", en Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa. Compostela: Xunta de Galicia- Teixeira, Heitor Gomes (1986). "O neotrovadorismo de Álvaro Cunqueiro. Literatura e sociedade", Actas do I Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza: 761-781..- R(isco), V(icente) (1920). "Os homes. Os feitos. As verbas. Teixeira de Pascoaes e 'Nós' ", Nós 1: 18.- Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (1993). "Poemas en lingua galega de Carles Riba", en Alonso Montero (1993) Carles Riba e Galicia: 177-206. Vigo: Galaxia- Núñez Seixas, Xosé Manuel (1992). "Portugal e o galeguismo ata 1936. Algunhas consideracións
------------------------------------	---



históricas", Grial 113: 61-77.

- Vázquez Cuesta, Pilar (1995). "Portugal-Galicia, Galicia-Portugal: um diálogo assimétrico", en Revista Colóquio/Letras. Ensaio 137/138: 5-21..
- Brito, Ferreira de (1992). "Projeções europeias de Antero de Quental", Revista Colóquio/Letras. Ensaio 123/124: 223-233.
- Nunes, José Joaquim (1919). "Un poeta do século XIV interpretado por outro do XIX", A Nosa Terra 106 (25-11-19): 7-8..
- Júdice, Nuno (1986). A Era do "Orpheu". Lisboa: Editorial Teorema
- Silva, Sara Reis da (2002). A identidade Ibérica em Miguel Torga. Cascais: Principia
- Vasconcelos, Carolina Michaëlis de (1996). A saudade portuguesa: divagações filológicas e literar-históricas em volta de Inês de Castro e do cantar velho "Saudade minha, quanto te veria?", seguido do ensaio Pedro, Inês e a fonte dos . Lisboa: Guimarães
- Pereira, Manuel Henrique (2010). À volta de Junqueiro: vida, obra, pensamento. Porto: Universidade Católica
- Castro, Pilar (1993). Antoloxía da poesía neotrobadoresca. Vigo: Galaxia
- Bouza Brey, Fermín (1992 (1935)). Autopoética 1935. Compostela: Consello da Cultura Galega
- Riba, Carles (1990). Cantares d'amor de d'amigo. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984). De Pondal a Novoneyra. Vigo: Xerais
- Coelho, J. do Prado (dir.) (1978). Dicionário de Literatura (Portuguesa, Brasileira e Galega) (3 volumes). Porto: Figueirinhas
- Medina, João (1980). Eça de Queirós e a Geração de setenta. Lisboa: Moraes.
- Sá, Maria das Graças Moreira de (1992). Estética da saudade em Teixeira de Pascoães. Lisboa: Instituto de Cultura e Língua Portuguesa
- Castro, Eugénio de (2008). Eugénio de Castro e a Galiza. Epistolario (1891-1926). Sada (A Coruña): Ediciós do Castro
- Fonte, Ramiro (1992). Fermín Bouza Brey e a súa obra literaria. Vigo: Galaxia
- Reis, C. (dir.) (1993). História Crítica da Literatura Portuguesa (7 vol.). Lisboa/São Paulo: Verbo
- VV.AA. (1996-1998). Historia da literatura galega (5 vols.). Vigo: AS-PG / A Nosa Terra
- Saraiva, A. J. / Lopes, O. (1996). História da Literatura Portuguesa. Porto: Porto Editora
- Sousa, M. Leonor Machado de (1984). Inês de Castro na literatura portuguesa. Lisboa: Instituto de Cultura e Língua Portuguesa
- Roig, Adrien (1989). Inesiana ou Bibliografía Geral sobre Inês de Castro. Coimbra: Biblioteca Geral da Universidade
- Reis, C. (coord.) (1989). Literatura Portuguesa Moderna e Contemporânea. Lisboa: Universidade Aberta
- Pena, Xosé Ramón (1996). Manuel Antonio e a vanguarda. Barcelona: Sotelo Blanco
- López, Teresa (1991). Névoas de antano. ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX. Compostela: Laivento
- López, Teresa (1997). O neotrobadorismo. Vigo: A Nosa Terra
- Rodríguez Vaz (coord.) (2008). Os Galegos nas Letras Portuguesas. Lisboa: Pangeia Editora
- Teixeira de Pascoães (1999). Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes (epistolário). Sada (A Coruña): Ediciós do Castro
- Guimarães, Fernando (1988). Poética do saudosismo. Lisboa: Presença
- Franco, António Cândido (1994). Transformações da saudade em Teixeira de Pascoães. Amarante: Edições do Tâmega
- Bernárdez, Carlos L. (2001). ?Ramón Cabanillas e o saudosismo. Literatura e ideoloxía no tempo das Irmandades", en VV.AA.: Actas das Xornadas sobre Cabanillas realizadas en Cambados os días 7 e 8 de xuño de 2001. Compostela: Xunta de Galicia
- Baptista, António Rodrigues (1986). António ?A presença de Rosalia nas letras portuguesas (De 1910 a 1930)", en Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo. Compostela: Universidade de Santiago
- Pires, Maria da Natividade (2007). "História e mito-imagens de Inês de Castro na literatura portuguesa e espanhola contemporânea", en Marcos de Dios (coord.) Aula Ibérica: actas de los congresos de Évora y



Salamanca, 665-674. Salamanca : Ediciones Universidad de Salamanca

- Dias, Eduardo Mayone (1996). "Iberismo político e iberismo cultural: (relações entre Portugal e Espanha desde a segunda metade do século XIX)", en Lorenzo Vázquez, R. e Álvarez Blanco, R. (coord.) Homenaxe á profesora P. Compostela: Univesidade de Santiago de Compostela

- Pereira, Paulo Alexandre (2007). "Trovador de Portugal: neotrovadorismo, saudade e filologia em Afonso Lopes Vieira", Boletín Galego de Literatura 36-37, 121-148. Compostela: Universidade de Santiago de Compostela

- Samartim, Roberto L.I. (2003). A Dona do Tempo Antigo. Mulher e campo literário no Renascimento português (1495-1557). Santiago de Compostela: Ed. Laiovento

- López, Teresa (1992). "Lírica medieval galego-portuguesa e neotrobadorismo na época Nós?: Coordenadas da poesía de Fermín Bouza Brey?". Anuario de estudios literarios galegos, pp.35-68

- Samartim, Roberto L.I. e Cordeiro Rua, Gonçalo (2009). O pensamento cultural galego em referência a Portugal: posição e função de ideias e grupos no tardofranquismo e na transição?, in O pensamento luso-galaico-brasileiro (1850-2000). Actas do I Congresso. Lisboa: Universidade Católica Portuguesa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, vol. 3, pp. 171-196 (ht

- Torres Feijó, Elías J (2008). "A mais poderosa ponte identitária: Portugal e a saudade no nacionalismo galego?", in M. Celeste Natário et al: Actas do III Colóquio Luso-Galaico sobre a Saudade.. Porto, Zéfiro, pp. 149-166

- Bello Vázquez, Raquel (2012). "Portugal como referente na Galiza do século XVIII ? o caso de José Andrés Cornide", in Petrov, P. et al.: Avanços em Literaturas e Culturas Africanas e em Literatura e Cultura Galegas. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora, pp.271-288

- Pazos Justo, Carlos (2010). Trajectória de Alfredo Guisado e a sua relação com a Galiza (1910-1921). Santiago de Compostela: Ed. Laiovento

- (). .

Maleval, Maria do Amparo Tavares (1999) "Saudosismo e Neotrovadorismo (Afonso Lopes Vieira, Guilherme de Almeida e Álvaro Cunheiro)". VI Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas. Rio de Janeiro: UFRJ; Niterói: UFF, 92-93. <http://lusitanistasail.net/ajx/#/publicacoes/ensaios/saudosismo-neotrovadorismo>



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías